

Apresentación

Neste núm. 24 do noso Boletín informamos en primeiro lugar de diversas actividades do Observatorio: a participación de EsCULcA nos numerosos actos con que a sociedade galega reclamou medidas urxentes contra a agresión sionista da Faixa de Gaza, a presenza de EsCULcA-Xustiza en reunións como a Asemblea de Roma da AED ou as conferencias e colóquios de Marzo en Barcelona sobre a Implementación do Protocolo, así como a colaboración na organización das xornadas "A infancia e as súas institucións" que terán lugar en Abril na Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

En **Análises e Relatórios**, publicamos unha análise de Gemma Ubasart i González sobre o chamado *Plan Nacional de Derechos Humanos* en que a autora mostra as caréncias do proxecto e reflicte sobre os obxectivos perseguidos polo goberno na elaboración deste programa. A seguir, a profesora italiana Lucia Re examina o modelo securitario do goberno de Berlusconi que claramente favorece a discriminación das persoas migrantes ou pertencentes a minorías étnicas. En terceiro lugar, ofrecemos un resumo de dous traballos de outros tantos autores (John Spritzler e David A. Kirshbaum) sobre o sistema legal que sustenta o apartheid en Israel e reproducimos (en Documentos) a definición que deste concepto fai a *Convención Internacional para o Castigo e Supresión do Crime do Apartheid*.

Na sección de **Breves** damos conta de unha iniciativa cidadá que, sob o lema *Se resides, decides*, promove a reforma da actual lei electoral. Comentamos tres interesantes fallos do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que afectan ao Reino de España, Franza e Portugal. Unha nota de Sara Carou García sobre a indefensión dos reclusos perante a administración penitenciaria, a análise do colectivo Hetaira sobre o *Programa Integral contra o Tráfico de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual* e o relato de Richard Falk, Relator Especial da ONU, sobre a súa expulsión de Israel, completan este apartado.

Finalmente, en **Biblioteca**, publicamos a 2ª parte da recensión do libro publicado por Mulleres Nacionalistas Galegas: *Por unha sociedade laica. Polo noso dereito a decidir*.

GALIZA CON PALESTINA

EsCULcA participou nas concentracións que tiveron lugar en toda Galiza a raíz da brutal agresión de Israel contra a poboación da Faixa de Gaza, así como na manifestación nacional que se celebrou o 18 de Xaneiro. Tamén participou o noso observatorio na organización destes actos en que a sociedade galega reclamou de forma masiva políticas activas de solidariedade en favor do pobo palestino e un pronunciamento institucional inequívoco de condena do ataque sionista. Todas as organizacións que participaron nas diferentes mobilizacións urxiron os poderes públicos a declarar a Embaixada e Goberno israelitas "entidades non gratas" en todo o territorio galego e instaron os medios de comunicación a informar obxectivamente da situación que se vive nos territorios ocupados de Palestina.

EsCULcA-XUSTIZA

Os pasados días 20-21 de Febreiro tivo lugar en Roma a Asemblea Xeral da AED-EDL (Avogados Demócratas Europeos) no decurso da cal Esculca-Xustiza foi admitida por unanimidade como membro de pleno dereito. Pasa así a ser membro activo da AED con dous representantes no Comité de Dirección.

Por outra parte, a asociación iniciou a súa estruturación segundo as diferentes comisións en que se articula a AED: Comisión de Extranxeiría (encarregada de estudar e traballar sobre todas aquelas cuestións legais que atinxen as persoas procedentes de Estados non membros da Unión Europea, con especial atención ao dereito de asilo); Comisión de Defensa da Defensa (que ten como obxectivo dar apoio aos profesionais do Dereito ameazados ou coaccionados con motivo ou con ocasión do exercicio da advocacía) e Comisión de Dereito Social (encarregada de analizar aspectos lexislativos relativos ao mundo laboral influenciados polas políticas liberais aplicadas nos estados europeos). A estas hai que engadir a Comisión de Dereito Penal (cuxo obxecto de estudo son as problemáticas comúns aos ordenamentos sancionadores e represivos dos membros da Unión Europea), que nesta ocasión non se reuniu xa que provabelmente será integrada na Comisión de Defensa da Defensa. En todo caso Esculca-Xustiza estará presente na Comisión, ou futura Subcomisión, de Dereito Penal por considerar primordial realizar un labor de análise desta rama do ordenamento susceptible de provocar serias vulneracións de Dereitos e Liberdades fundamentais.

No ámbito extra-europeo, a AED acordou atender a solicitude efectuada desde as Institucións Europeas para formar parte

dunha Comisión de Investigación, composta profesionais da advocacía e a medicina, que estudará a presumíbel comisión de crimes de guerra por parte do exército israelita no territorio de Gaza.

Como primeira actividade dentro da súa nova condición de membro da AED, Esculca-Xustiza apresentou à Asemblea un proxecto de estudo sobre a situación de crecente restrición do dereito de asociación dentro do Estado español. A proposta foi aprobada por unanimidade. Nesta tarefa de investigación Esculca-Xustiza contará con a colaboración de asociacións catalás, vascas e españolas a fin de lograr unha visión o máis ampla posíbel da cuestión.

A IMPLEMENTACIÓN DO PROTOCOLO

A Implementación do Mecanismo Nacional previsto no Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura das Nacións Unidas será o tema en torno a cal xirarán as diferentes conferencias e colóquios que se celebrarán en Barcelona os días 13 e 14 de Marzo no Salón de Actos da Residencia d'Investigadors. Os actos están organizados pola *Coordinadora para a Prevención da Tortura* e neles participarán, entre outras persoas, o Presidente do CPT do Consello de Europa (Mauro Palma), o ex-presidente da AED (August Gil Matamala), a ex-Presidenta do Subcomité para a Prevención da Tortura da ONU (Silvia Casale) e o coordinador do Centro de Documentación de la Tortura (Jorge del Cura).

Tamén participará o Vice-Presidente de EsCULcA (Guillermo Presa Suárez), cuxa intervención terá lugar na sesión da mañá do día 14, no terceiro bloque do programa, que versará sobre "O ámbito social e a erradicación da tortura".

AS INFANCIAS E AS SÚAS INSTITUCIÓNS

Os próximos días 16 e 17 de Abril terán lugar na Facultade de Ciencias da Educación unhas Xornadas organizadas pola Universidade da Coruña en colaboración con EsCULcA. Sob o título xenérico "As infancias e as súas institucións", especialistas que traballan con menores en situacións adversas examinarán o papel das institucións sociais na configuración das diferentes infancias e as ameazas que pairan sobre este grupo social. Analizarán o papel dos centros de menores, a percepción social da "infancia perigosa" e o papel da escolarización obrigatoria na configuración das diversas infancias.

Entre as persoas que participarán nas charlas, estará o responsable da Comisión Penitenciaria de EsCULcA, Fernando Blanco Arce que, xunto con o profesor David Bruzos, desenvolverá o tema "Da infancia en perigo á infancia perigosa".

POLÍTICA DE PROMOCIÓN DOS D.H.?

Gemma Ubasart i Gonzàlez

O pasado día 10 de Decembro, data en que se celebrava o 60 aniversario da Declaración dos Dereitos Humanos, a vicepresidenta do Goberno español anunciava, botando a boca no trombone, a aprobación de un *Plan Nacional de Derechos Humanos*¹. O visto de aprobación a este proxecto fixo-se efectivo no Consello de Ministros do día 12 e tres días despois xa estaba Fernández de la Vega en Nova York explicando maravillas do texto. Entretanto, no estado español as organizacións de defensa dos ddhh recibían o programa con numerosas críticas, tanto no que ao contido di respecto como no que toca à maneira en que este foi elaborado e aprobado.

Apesar de que a ONU esixe para a elaboración deste tipo de programas a participación e o diálogo bilateral con a sociedade civil, apenas unhas poucas entidades recibiron a proposta o pasado 19 de Novembro para poderen presentar emendas antes do 1º de Decembro. As outras, a esmagadora maioría, foron excluídas.

Ora, a falta de diálogo con as organizacións sociais non foi a única crítica. O manifesto conxunto de organizacións de ddhh catalás, os comunicados de *Amnistía Internacional* ou da *Coordinadora para a Prevención da Tortura*, apuntan tamén elementos de contido. A falta de vontade política para facer frente a determinadas cuestións -como a tortura, o tratamento às persoas migradas e aos menores non acompañados, o acoso à vivenda, entre outros-, xunto con as deficiencias técnicas deste programa, deixan entrever que non estamos perante unha política pública real de promoción de dereitos humanos.

Para reducir a complexidade e podermos realizar unha boa análise da política pública en cuestión, neste texto temos de contemplar por separado as dimensións substantiva, operativa e simbólica da medida. Quer dicir, temos de observar o que nos di o programa; a interacción entre actores que se produciu para a súa elaboración, aprobación e seguimento; así como o contexto simbólico en que se insire.

Dimensión substantiva ou o que nos di o programa

Un primeiro elemento que se pode asinalar neste programa é que non fica claro o criterio que se utiliza para ordenar tematicamente o documento. Así pois, parece que se trata dun agregado de propostas que xa están en marcha mais do que unha estratexia

integral e coherente de promoción dos dereitos humanos. Di-se: "Para o apartado que se ocupa da *acción interior* o criterio de ordenación foi material, quer dicir, segundo o ou os dereitos afectados polas medidas a adoptar: igualdade de tratamento, violencia de xénero, tutela xudicial, liberdade persoal, dereitos sociais...". Nun programa integral deste tipo debería utilizarse un criterio intelixible que permitise ser exhaustivos con todos os dereitos humanos que deben ser considerados. Podería utilizarse, por exemplo, a clásica tipoloxía de dereitos civís, políticos e sociais.

Un segundo elemento a considerar é que non se establece unha concreción das medidas que se pretenden levar a cabo, nen unha reserva orzamentaria, con o que a política pública corre o perigo de ficar en papel mollado. Este documento, pois, tería de incluír os obxectivos, medidas, indicadores, orzamento e calendario en materia de dereitos humanos para os próximos anos, tal e como indica o *Manual para Programas Nacionais de Dereitos Humanos* da Oficina do Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Dereitos Humanos.

Por outra parte, e como terceiro elemento, identifícanse temas capitais na defensa e promoción dos dereitos humanos no ámbito estatal que non aparecen no programa ou fan-no de maneira tanxencial, sen o carácter vertebrador que merecen. Así pois, a modo de exemplo, podemos citar: o tratamento às persoas inmigradas; a reforma da lei de asilo; as recomendacións de instancias internacionais a respecto da práctica da tortura e os maus tratos; o acoso a unha vivenda digna como dereito humano fundamental; a incorporación do eixo de dereitos humanos à política de cooperación ao desenvolvemento; o compromiso firme polos dereitos sociais e a súa esixibilidade en sede xurisdiccional... En fin, o programa resulta, en moitos aspectos substantivos, decepcionante.

Como último elemento a asinalar, encontramos o papel que se dá no texto às cuestións relativas à chamada luita contra o terrorismo, así como a mesma definición de "terrorismo" que subxaz ao documento. Non se ten en conta a recomendación do Comité de Dereitos Humanos da ONU (2008) nen a súa "preocupación polo alcance potencialmente excesivo das definicións de terrorismo no dereito interno, en particular as que figuran nos artigos 572 e 580 do Código Penal español, que poderían dar lugar à violación de varios dereitos enunciados no Pacto". Ademais, esquece o "terrorismo de Estado" e a tortura ao non recoñecer a súa existencia nen facer unha mención formal à súa estricta prohibición. Esta situación comprova-se no diferente tratamento que se dá às vítimas de ambas as situacións: a hiperprotección das vítimas do terrorismo contrasta con a total ignorancia das vítimas da tortura, que non son mencionadas en ningunha parte do documento.

En xeral, esta crítica é aplicábel a todos os ámbitos do programa: no seu afán por perseguir as violacións "individuais"

¹ O texto íntegro do Programa pode ver-se en: <http://www.esculca.net/pdf/Borrador%203%20-%20191108.pdf>

e "privadas" dos dereitos humanos o documento acaba por se converter mais nunha ferramenta quase-represiva e/ou penal do que nun elemento de educación e reforzo dos dereitos, apesar do que se comenta na introdución do documento.

Dimensión operativa ou a interacción entre actores

Como xa se comentou, as Nacións Unidas recomendan que os Programas Nacionais de Dereitos Humanos inclúan no seu proceso de elaboración o maior número de actores posíbel, nomeadamente da sociedade civil e as entidades sociais. Ben ao contrario, no caso do Estado español, a difusión da proposta foi pobre e mal dirixida. Mui poucas organizacións recibéron directamente a proposta do programa; a maioría de entidades foi excluída da interlocución con o Goberno sen nengun motivo aparente. Aliás, a proposta fixo-se circular o día 19 de Novembro, con a petición de facer chegar os comentários e opinións antes do día 1º de Decembro. Así pois, os prazos propostos non foron realistas e en nengun caso poden ser considerados un verdadeiro proceso consultivo. A amplitude e complexidade das cuestións que se tratan pedían un período de análise, reflexión e posta en comun moito mais demorado.

O programa propón-se como unha ferramenta aberta e en contínua evolución. Quer dicir, alude-se unicamente à creación dunha comisión de seguimento con a participación da sociedade civil, sen concretizar como será a selección dos seus membros e que mandato terá. Se no proceso de elaboración do Programa nacional a participación das entidades sociais foi nula, custa acreditar que estas podan vir a ter algun tipo de papel no seguimento, avaliación e reformulación do programa.

Dimensión simbólica ou a comprensión do contexto

A aprobación do *Programa Nacional de Dereitos Humanos* non é casual nen grauita, e por iso é interesante comprender o contexto en que esta se produz. Como xa se dixo, este texto aprova-se no Consello de Ministros do día 12 de Decembro, no meio de críticas de organizacións de defensa dos dereitos humanos do Estado, mais tamén mediante un espallamento propagandístico no ámbito internacional. As presas por facer visíbel a suposta elaboración de unha política pública de promoción dos dereitos humanos xusto na semana da celebración do 60 aniversario da *Declaración dos Dereitos Humanos* imposibilitou a elaboración de un programa técnica e politicamente aceptábel. Mais non é este o único feito criticábel.

Várias organizacións de dereitos humanos cren que a aprobación do programa forma parte dunha campaña mais ampla para mellorar a visión que se ten do Estado español no ámbito internacional a respecto do cumprimento de dereitos humanos. Procura-se unha mudanza na percepción sen realizar nengunha modificación substantiva nas políticas, quer dicir, sen introducir as mudanzas que indican as recomendacións de organismos internacionais. A modo de exemplo poden asinalarse algunhas accións do Goberno que van neste sentido de construción de unha campaña propagandística: o financiamento de seminários sobre o Protocolo Facultativo no exterior, nunca no Estado; o financiamento da "cúpula Barceló" en Xenebra, así como tamén o concerto de Barenboim en Nova York.; ou a contribución de diversos fondos para as Nacións Unidas – 50 millóns para o Fondo de Igualdade de Xénero é a contribución mais recente coñecida.

Como último movemento cumpre apontar o feito de a vicepresidenta primeira do goberno ter presentado o 15 de Decembro en Nova York a candidatura do Reino de España para presidir o Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas dentro de dous anos, a partir da primavera de 2010. Curiosamente, trata-se do ano en que toca ao Estado español submeter-se à avaliación perante a *Universal Periodical Review* (UPR) -no 8º período de sesións- do Consello de Dereitos Humanos. Con diferenza às avaliacións que realiza o Comité, esta non é realizada por expertos senón polo resto dos Estados. Nas súas orixes este mecanismo pretendía dotar de igualdade todos os Estados, submetendo-os a un exame nas mesmas condicións fronte ao pleno de Estados do mundo; na actualidade, no entanto, converteu-se nun exemplo de politización dos dereitos humanos (hoxe por min, mañá por ti...). O interese do Goberno en presidir esta sesión é portanto máximo.

Conclusión

Despois desta revista polas tres dimensións que establecemos para analizar o Programa Nacional podemos concluir que non existe unha aposta governamental decidida pola promoción dos dereitos humanos; antes ao contrario. As deficiencias de contido do texto -tanto de un punto de vista técnico como político-; a falta de diálogo con os actores sociais no proceso de elaboración do Programa así como a utilización propagandista desta medida son elementos que apuntan nesa dirección.

Estamos convencidas da necesidade e posibilidade de levar a cabo unha política pública integral que supoña un plano de choque e que produza así un salto cualitativo no campo dos

direitos humanos no noso Estado. É por iso que gostaríamos de pensar que a aprobación do Programa Nacional non se explica pola necesidade do goberno de facer fronte ás críticas de organismos internacionais sen mudar un ápice nas súas políticas. Gostaríamos de estar enganadas, aínda que non temos moitos elementos que nos axuden a facer unha interpretación optimista.

A 'DEFENSA DO TERRITORIO', CARA UN 'RACISMO' LEGAL

Lucia Re

Nos últimos anos a socioloxía do control social analisou polo miúdo dúas tipoloxías de 'política da seguranza': a política de represión da inmigración 'irregular' e a política da 'seguranza urbana'. Hoxe, estes dous tipos de política tenden a fundirse nun único modelo securitario, que ten como obxectivo o control e a xestión das persoas migrantes e a 'defensa do territorio', local e nacional, da súa presenza indesexada. Este modelo favorece a difusión da discriminación dos estranxeiros e das persoas que pertencen a minorías étnicas e, nalguns casos, pode chegar a pór en perigo a convivencia social.

O pacote seguranza

Un exemplo emblemático da converxencia das políticas migratorias e as políticas de seguranza urbana encontramos nas medidas que conforman o chamado 'pacote seguranza' aprobado polo goberno italiano en 2008-2009. Estas medidas son fruto da nova liña política do goberno mais responden tamén á necesidade de saír ao paso da violenta vaga de 'pánico moral' que se estendeu polo país nos últimos anos. Aliás, algúns sucesos acontecidos en 2008 -ano en que houvo eleccións lexislativas e, nalgúns cidades importantes como Roma, tamén municipais- recibiron especial atención dos mass media. Os autores deses feitos delituosos foron Rom romenos. O que levou a desenvolver un debate público de tono aceso, centrado na necesidade de facer fronte á 'emerxencia romana', termo con o cal se aglutinou nun novo 'povo' os romenos e os Rom.

Unha vez desencadeada a 'emerxencia romana', multiplicáronse os actos de agresión contra os Rom en diversos puntos do país; lexitimáronse os insultos e as agresións verbais e nalgúns casos organizáronse verdadeiros progromos contra os chamados *campi nomadi*. En Nápoles foi incendiado un destes campos e noutras zonas de Italia houvo tentativas de linchamento de persoas Rom protagonizadas por grupos organizados de cidadáns. No Relatorio

elaborado a raíz da súa visita a Italia en Xuño de 2008, o Comisario para os Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, denunciou estes feitos e, de maneira máis xeral, as pésimas condicións de vida dos 'campos nómadas' italianos.

O debate proporcionou a lexitimación 'de base' ao 'pacote de seguranza', onde reencontramos os tres principais elementos: o cerco à inmigración; a tentativa de asimilar os cidadáns neo-comunitarios (en particular os romenos) aos migrantes; o reforzamento do control territorial. Realizado, este último, mediante o aumento dos poderes da autoridade e da policía local, o envío de soldados para custodiar territorios metropolitanos e o nomeamento de 'Comisarios para a emerxencia Rom' en varias cidades italianas. O 'pacote' contén ademais algunhas disposicións finais enderezadas a combater a criminalidade organizada. No entanto, a maioría das disposicións previstas teñen como alvo os 'estranxeiros', identificados como fonte de perigo e 'causa' da criminalidade, ao punto de se ter chegado a introducir unha 'agravante de clandestinidade' ligada, non ao feito criminoso, senón exclusivamente ao *status* do autor do delito.

Esta política difunde unha visión substancialmente negativa da inmigración *tout court*, unha visión que non se axusta à consciencia, moitas veces afirmada pola clase política italiana e nunca discutida no debate mediático, da necesidade da inmigración, tanto pola urxencia de ma de obra que ten a industria nacional, como polo déficit demográfico do país. Desá perspectiva, 'seguranza' equipárase a 'defensa' do territorio da presenza estranxeira, conforme à metáfora da invasión que desde hai décadas percorre o discurso político e mediático. E isto sen unha reflexión séria sobre os riscos que tal perspectiva pode producir para a seguranza e para a convivencia pacífica nunha sociedade plural.

No debate público italiano, sob a bandeira da 'cuestión romana', estableceuse un nexa moi estreito entre as normas en materia de inmigración e as disposicións relativas ao control do territorio. Cuestións que a clase política identifica como aquelas sobre as cais cumpre intervir estreitando o cerco represivo para garantir a incolumidade dos cidadáns, prescindindo de calquer análise demorada dos datos relativos à criminalidade e do posíbel impacto das reformas aprobadas en relación a ela e ao sistema penal e penitenciario no seu conxunto.

Criminalización de inmigrantes

Non só non existe en Italia (como en moitos outros países europeos) nenguna 'emerxencia de criminalidade', senón que os datos oficiais sobre delitos cometidos impeden confirmar a hipótese de un vínculo directo entre criminalidade e migra-

ciónⁱⁱ. O uso que os *mass media* e os políticos fan dos datos e das análises relativas à criminalidade é, na maioría dos casos, impróprio. Por unha parte establecen un nexos entre criminalidade e inmigración e, pola outra, adoptan unha distinción artificial entre inmigrantes 'regulares', considerados 'bons', e 'clandestinos' considerados 'maus'. É inegábel que entre os estranxeiros denunciados, arrestados, condenados e detidos os 'irregulares' son maioríaⁱⁱⁱ, mais iso non autoriza a considerar a 'regularidade' e a 'clandestinidade' atributos propios da persoa, como se se tratase, case, de condicións morais.

Se se ten en conta que, como recollen o *Relatório sobre inmigración en Italia* e o *Relatório sobre criminalidade* publicado polo Ministerio do Interior, os migrantes 'regulares' foron case sempre 'irregulares' durante un período anterior da súa estadia en Italia, e que, às veces, volven sé-lo ao mudaren as condicións de traballo, a 'receita', amiúde suxerida no debate público, de distinguir netamente as dúas categorías, criminalizando os 'clandestinos' e 'integrando' os 'regulares' resulta inadecuada. Ben ao contrario, este dado podería suxerir que o aumento das ocasións de regularización e a estabilización do *status* xurídico dos migrantes, así como o acceso aos dereitos ligados a el, poderían favorecer a redución dos delitos cometidos polos estranxeiros.

Un discurso racista

Non é ocioso portanto preguntarmo-nos por qué esta segunda hipótese non chegou sequer a ser formulada no debate público encanto si se constata o negativa a tomar en consideración vías alternativas, negativa que conduz da criminalización dos migrantes ao seu encarceramento (e mesmo en ocasións à súa -amiúde apenas temporal- expulsión do territorio nacional), con grande dispêndio de recursos económicos e sen que se teña demostrado a eficacia desta estratèxia en termos de aumento da 'seguranza'.

Mais do que responder a unha esixencia de regulaci3n fun-

cional da inmigraci3n, a perspectiva que prevalece na 'cuesti3n inmigraci3n' parece levar a alimentar as 'ilusi3ns' que Abdelmalek Sayad afirma seren constitutivas da relaci3n que as sociedades de chegada establecen con os inmigrantes, a primeira das cais seria a ilusi3n que a presenza dos 'estranxeiros' é necesariamente provis3ria^{iv}, de maneira que o inmigrante é percebido como 'forza de traballo, forza de traballo provis3ria, tempor3rio, en tr3nsito', 'un traballador tempor3rio por definici3n, tratado como tal, e que portanto pode ser revogado en calquer momento'. O traballo lexitima a presenza do estranxeiro, portanto afianza a idea de que o inmigrado contribui à riqueza da 'naci3n', de que est3 nalgunha medida ao seu servizo. Ali3s, isto permite 'contratualizar' a relaci3n con o estranxeiro, inseri-lo no cadro das relaci3ns de mercado en lugar de incorpor3-lo ao mais amplo das relaci3ns sociais. Non é por acaso que a met3fora do contrato aparece de forma recorrente en moitas lexislaci3n europeas sobre a emigraci3n.

O discurso securit3rio sobre a inmigraci3n non existira nos termos en que se articula hoxe en Europa sen a 'naturalizaci3n da nacionalidade' que os estados modernos culminaron no s3culo pasado e que Ren3 Gallissot considera un dos aspectos constitutivos do racismo, claramente baseado na que Anna Maria Rivera, na esteira de Gallissot, definiu como:

"falsa consci3ncia que concebe e representa a identidade nacional (e por consecuen3cia a cidadan3a nacional, mais tam3n a nova cidadan3a europea, modelada sobre o 'nacionalismo supranacional') como unha esp3cie de privile3io de natureza, e que en base a tal privile3io institui unha diferenza e unha fractura irreduc3vel entre os nacionais e os non nacionais, para inferiorizar estes 3ltimos e negar-lles recursos e dereitos".

ⁱⁱ. Sobre este tema pode ver-se, por exemplo, L. M. Solivetti, *Immigrazione, integrazione e crimine in Europa*, Il Mulino, Bologna 2004. Para os datos oficiais, vexa-se Ministero dell'interno, *Rapporto sulla criminalità in Italia*, Roma, 2007.

ⁱⁱⁱ. Para os datos sobre estranxeiros denunciados e arrestados cfr. Ministero dell'interno, *Rapporto sulla criminalità in Italia*, cit., p. 360.

^{iv}. A. Sayad, *L'immigration ou les paradoxes de l'altérité*, Raisons d'agir, Paris 2006, vol. 1, *L'illusion du provisoire*.



APARTHEID AMIGO'

“...o estado de Israel... garantirá a igualdade de dereitos sociais e políticos a todos os habitantes sen discriminación por razón de relixión, raza ou sexo, garantirá a liberdade de relixión, consciéncia, lingua, educación e cultura; salvaguardará os Lugares Sagrados de todas as relixións; e respitará os principios da Carta das Nacións Unidas”.

Declaración do Estabelecimento do Estado de Israel (1948)

“... a fría tarde do 10 de Marzo de 1948, un grupo de once homes, conformado por veteranos líderes sionistas e xovens oficiais militares xudeus, deron os toques finais a un programa para a limpeza étnica de Palestina. Esa mesma tarde, enviaron-se ordes militares ás unidades sobre o terreno para prepararen a expulsión sistemática dos palestinos de vastas áreas do país. As ordes ían acompañadas de una descripción pormenorizada dos métodos que habían de ser empregados para desalojar pola forza as persoas: intimidación en grande escala; asedio e bombardeamento das aldeas e centros populacionais; incendio de casas, propiedades e bens; expulsión; demolición; e, finalmente, sementeira de minas entre os cascallos para impedir o regreso das persoas expulsadas. Proporcionou-se a cada unidade unha listaxe propia de aldeas e barrios seleccionados como obxectivos deste programa mestre... O obxectivo do programa era, de feito, a destrución tanto das áreas rurais como das áreas urbanas de Palestina”.

Ilan Pappé, *The Ethnic Cleansing of Palestine*

“O apartheid é un crime contra a Humanidade. Israel privou millóns de palestinos da súa liberdade e da súa propiedade. Perpetua un sistema de discriminación racial e de desigualdade. Encarcerou e torturou sistematicamente millares de palestinos, en violación do dereito internacional. Desencadeou unha guerra contra a poboación civil e en especial contra as crianzas. Se Israel quer formalizar o apartheid, non o apoiarei. Se quer apoiar a discriminación racial e a limpeza étnica, conte con a nosa oposición”.

Nelson Mandela (ao xornalista Thomas Friedman)

Declaración do Estabelecimento do Estado de Israel (1948)

A pesar da súa contundente *Declaración*, o Estado de Israel distinguiu claramente desde o seu establecemento entre cidadáns xudeus (o pobo soberano de Israel) e residentes árabes. Isto é aqueles palestinos que conseguiron permanecer na súa terra despois da limpeza étnica do ano 1948, cuxos resultados foron a destrución da metade das aldeas palestinas, un número moi elevado de mortes (muitas delas mediante execucións sumarias de homes en idade militar, isto é, entre 10 e 50 anos), un número nunca determinado de violacións e a expulsión do 50% da poboación autóctone (unhas 750.000 persoas).

Xa en 1948 unha Sentenza do Tribunal Supremo (*Zeev v. Gubernik*) puxo as cousas no seu sitio ao establecer que a *Declaración* non pode ser utilizada polos tribunais para vulgar as actividades da cámara lexislativa de Israel (o Knesset), dando comezo así ao proceso de inibición que permitiu o parlamento israelita aprovar normas que legalizan a discriminación e outras graves vulneracións dos dereitos civís das persoas palestinas que viven no interior do estado de Israel. Por outras palabras, que permitiu legalizar o *apartheid* no interior de ese estado que o Sr. Rodríguez Zapatero chama amigo.

Por outra parte, a Emenda 9 à Lei Básica de Israel de 1958, mediante a imposición de limitacións aos partidos que pretenden concorrer às eleccións, proíbe explicitamente parti-

ciparen en actividades políticas aquelas persoas e grupos que desafien o estatus de inferioridade dos palestinos:

Non poderán participar nas eleccións lexislativas aquelas candidaturas cuxos obxectivos ou accións, expresa ou implicitamente, incluíren a: 1. Negación da existencia do Estado de Israel como o estado do pobo xudeu;

(Lei básica, Emenda 9, Apartado 7A (1), 1985)

Por se houber algunha dúbida, en 1989, unha Resolución do Tribunal Supremo estableceu inequivocamente que esta norma significa que un partido político non pode concorrer às eleccións se ten como obxectivo eliminar un dos pilares fundamentais do Estado: "a existencia de unha maioría xudía, a garantía de preferéncia de xudeus en materia de inmigración e a existencia de íntimas e recíprocas relación entre o Estado e os xudeus da Diáspora." (*Israel Law Review*, Vol. 25, p. 219, Justice S. Levine, portavoz da maioría do TS).

E o mesmo acontece con a Lei de Partidos Políticos (1992) e a de asociacións. Esta última, a Lei Amutot (5740-1980), declara ilegais as organizacións non governamentais que teñen entre os seus obxectivos a defensa da igualdade de dereitos e incluí entre as obrigacións das asociacións a de entregaren a todos os seus membros a listaxe completa, con os datos de contacto, de todas as persoas que forman parte dela. Publici-

dade desnecesaria e que, obviamente, inibe a adhesión a ONGs activas na defensa da igualdade de dereitos.

Por outra parte, o goberno israelita aplicou as chamadas Regulacións de Defensa (Emerxencia) do goberno do Mandato Británico en Palestina (1945) durante case 20 anos (até 1966). Estas Regulacións inclúen a deportación individual e colectiva, o isolamento de áreas populacionais, o emprisionamento sen cargos, a demolición de casas, a censura de xornais, a ilegalización de asociacións, etc. "Nen os nazis alemáns tiñan leis como estas", afirmou irado Yacob Shimshon Shapira en 1946, cando estas leis apuntaban, tamén, contra os xudeus. Posteriormente Yacob Shimshon Shapira, na súa condición de Fiscal Xeral de Israel e Ministro de Xustiza, aplicou as Regulacións sen problema.

Na actualidade as Regulacións aínda están en vigor nos territorios ocupados. No resto, recorre-se a Lei de (Detención) en Estado de Emerxencia (1979) que permite deter sen cargos e sen asistencia letrada persoas palestinas.

En 1999 o Tribunal Supremo, unha das pezas esenciais do estado, avalou o uso de métodos rigorosos de interrogatorio (descargas de corrente, privación do sono, pancadas e pontapés, entortamento brusco da cabeza, etc.) sempre que fose en circunstancias extremas de responsabilidade penal e en casos de necesidade. Ao admitir límites ao dereito à integridade física ou psíquica -único susposto de dereito ilimitado- o Tribunal aceptou a tortura, prohibida polo Cuarto Convénio de Xenebra (arts. 3 e 32).

Lei de Nacionalidade (5712/1952)

As persoas que se declaran xudias aceden automaticamente à nacionalidade israelita. As palestinas (árabes na terminoloxía sionista) dificilmente poden acceder a ela, deben probar a súa residencia e pasar diferentes probas. En última instancia a decisión recai no Ministerio de Xustiza, que acorda discrecionalmente conceder ou non a nacionalidade.

No documento de identidade todas as persoas son identificadas ben como "israelita xudia", ben como "israelita árabe". Isto é importante porque se utiliza como criterio discriminatório en numerosos e moi significativos ámbitos da vida no interior do estado de Israel: identificación en controlos de rúa, acceso a postos de traballo ou a programas de axuda, beneficios fiscais, ...

Activistas a favor da igualdade tentaron inscrever-se simplemente como "Israelitas", mais as autoridades prohibiron esta práctica porque sentaría un precedente, alegaron, de que beneficiarían os palestinos.

Lei de Retorno (5710/1950)

"Todos os xudeus teñen dereito a inmigrar ao país" (Art. 1º), inclusive "fillos e netos de xudeus, esposas de xudeus, es-

posas de fillos de xudeus e esposas de netos de xudeus".

No entanto, a lei proíbe aos palestinos expulsados na operación de limpeza étnica de 1948 e que abandonaron a súa terra fuxindo do masacre voltaren à súa terra. Estas persoas están catalogadas como "presentes ausentes" (Lei de Ausentes, 5712/1952).

A propiedade da terra

A Lei de Emerxencia de Confiscación de terras (5710/1949), a Lei da Propiedade Estatal (5711/1951), a Lei de Adquisición de Terra (5713/1953), a Lei de Planeamento e Construción (5725/1965), entre outras, conferen ao goberno potestades para:

1. Confiscar terra aos árabes e converté-las en 'Terra de Israel'.
2. Determinar que parte da 'Terra de Israel' pode ser vendida ou transferida a organismos xudeus.
3. Declarar que parte da 'Terra de Israel' debe ser xestionada e urbanizada de acordo con as diferentes políticas, que favorecen as comunidades xudias e proíben a venda a persoas non-xudias.
4. Outorgar ao Fondo Nacional Xudeu e à Axencia Xudia status de organismos semi-gobernamentais.
5. Expropiar terras cuxo uso non se axusta às políticas gobernamentais, incluíndo a política de prohibición de residencia às persoas non-xudias.
6. Apropriar-se de terras propiedade de persoas palestinas que abandonaron o país durante a limpeza étnica de 1948 e entregar esas propiedades a cidadáns sionistas (uns poucos propietarios árabes recibiron algunha compensación económica). Proibir os Ausentes de retornaren às súas casas en Israel.
7. Urbanizar a 'Terra de Israel' para favorecer asentamentos de inmigrantes sionistas-xudeus.

As propiedades palestinas pertencen agora à Custódia Estatal de Propiedade dos Ausentes, organismo público responsable de xestionar as terras confiscadas (un 80% do total de terras de que dispón Israel segundo estimacións da Comisión de Conciliación da ONU) e de as entregar a axencias privadas que desempeñan funcións para-gobernamentais. A Axencia Xudia administra parte deste botín e pode vender terras a cidadáns xudeus (lembramos que os palestinos teñen prohibido adquirir, ou re-adquirir, estas terras). O Fondo Nacional Xudeu xestiona, entre outras propiedades, os parques nacionais e bosques de coníferas levantados sobre os vestixios das antigas aldeas palestinas.

A lei de Planeamento e Construción (1965), encargada da planificación do solo, califica como zonas non-residenciais un elevado número de vilas palestinas, convertidas así en 'vilas non recoñecidas', o que significa que non reciben servizos municipais básicos (auga, electricidade,...) e viven sob a ameaza de demolición das casas.

Como resultado destas políticas, a poboación palestina que reside dentro das fronteiras do estado de Israel (case o 20% do total da poboación) é obrigada a vivir confinada en pequenas áreas rurais ou ategada en arrabaldes urbanos empobrecidos (ghettos): 1.3 millóns de persoas en apenas un 3% da terra. Nun terzo dese 3% a lei proíbe construír.

Educación

A Lei de Educación Estatal estipula (Arts. 2 e 4) que o propósito da educación elementar é ensinar "os valores da cultura xudía" e a "lealdade ao estado e ao pobo xudeu". Non só nas escolas xudías, tamén nas "institucións educativas non-xudías" cuxo curriculum establece o Ministerio de Educación. O estado financia así mesmo un sistema de escolas Xudías Ortodoxas. Non financia escolas de outras relixións.

Relixión

A Lei de Servizos Relixiosos Xudeus (5731-1971) obriga os concellos a financiar dous terzos do total de fondos públicos destinados a servizos relixiosos xudeus, o terzo restante corre a cargo dos orzamentos estatais. O goberno pode financiar servizos relixiosos musulmanos e cristiáns, mais sen mandato lexislativo e en cantidades moi inferiores ás que corresponderían en proporción ao percentaxe de poboación. (Arts. 1º e 2º).

Pola súa parte, a Lei do Rabinato Superior de Israel (5740/1980, Art. 2.2) recoñece estatuto legal à cabeza da hierarquía relixiosa xudía, outorga-lle poderes e obriga-o a tomar iniciativas "que conduzan a aproximar a sociedade dos valores da Tora e o Mitzvot". O resto das relixións carecen de similar *status*.

A Lei do Festival do Matzot (Prohibición de Levadura) (5746/1986) proíbe expor en lugares públicos ou vender produtos de fariña levedada (pan, bolos, pizzas...) desde o meiodía do 14 do mes de Nisan até 20 minutos despois do solpor do día 21 deste mesmo mesⁱⁱ.

Impostos

A Orde do Ministerio que desenvolve a Lei do Imposto de Luxo e Bens Específicos [art 26] estipula que os nacionais que regresen de unha estada no estranxeiro beneficiarán de unha redución de impostos na importación de bens. Enténdase ben, nacionais -non residentes retornados-, o que excluí a persoas non-xudías pois estas, a excepción dos drusos, dificilmente aceden à cidadanía. [*The Case for Palestine: An International Law Perspective*, John Quigley, *Presidents' Club Professor of Law at Ohio State University*, pg. 144.]

Matrimonio

Desde 1953, o único matrimonio que recoñece a lei é o matrimonio segundo o ritual ortodoxo xudeu. Non existe matrimonio civil. Aínda que non proíbe o matrimonio entre crentes de diferentes relixións ou por outros ritos, a lei non recoñece esas unións.

A Lei (provisoria) de Nacionalidade e Entrada en Israel (5763/2003), proíbe as persoas de Cisjordania ou Gaza casadas con residentes en Israel reuniren-se con os seus cónxuxes. Estas parellas teñen que escoller entre a separación ou o traslado da familia aos territorios ocupados. A norma afecta tamén os fillos e fillas da parella que, a partir dos 12 anos, deben abandonar obrigatoriamente o estado de Israel. No entanto, persoas de calquera outra nacionalidade casadas con nacionais israelitas poden acceder sen problema à residencia e cidadanía en Israel.

Despois de ser prorrogada en cinco ocasións e o Tribunal Supremo ter confirmado a súa legalidade en Maio de 2006, a norma, que supón unha violación flagrante do dereito humanitario internacional dirixido a protexer a familia, aínda está en vigor.

"Con rapidez, os obxectivos de un país xudeu, de aparencia europea e verde, fundíronse nun. O que explica por que na actualidade os bosques israelitas apenas inclúen un 11% de especies autóctonas... En certos casos, a flora orixinal conseguiu regresar de formas suprendentes. Os piñeiros non só se plantaron sobre as casas arrasadas polos bulldozers, senón tamén sobre campos cultivados e olivais (...) os piñeiros abrironse literalmente en dous e, no meio dos seus troncos partidos, brotaron oliveiras que desafían a flora foránea plantada sobre elas cincuenta e seis anos atrás".

(Ilán Pappé, *The Ethnic Cleansing of Palestine*)

ⁱ. Este texto é un resumo do artigo de John Spritzler "Apartheid Israeli Laws" (Xaneiro 2009) e do ensaio de David A. Kirshbaum, *Israeli Apartheid - A basic legal perspective*, www.geocities.com (Febreiro de 2007). Ver tamén http://www.divestmentproject.org/apartheid_laws.shtml

ⁱⁱ. O 3 de Abril do pasado ano, un fallo xudicial desestimou os cargos formulados polo Concello de Xerusalén e anulou as multas impostas a catro propietarios de pizzerías e restaurantes que venderon produtos con fariña levedada durante a Páscoa. Na sentenza, a maxistrada afirma que estes establecementos son espazos privados, non públicos e non están portanto afectados pola prohibición. O fallo desatou unha guerra legal e unha crise no goberno de Ehud Olmert. "A decisión xudicial pon unha pistola na cabeza do pobo xudeu", afirmou o seu ministro de Culto.

O APARTHEID NA LEXISLACIÓN INTERNACIONAL

En 1973 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou o texto da *Convención Internacional para o Castigo e Supresión do crime do Apartheid*. A intención inmediata da Convención era proporcionar a estrutura formal e legal de modo que os membros pudesen aplicar sancións para presionar os gobernos sul-africanos a mudaren as súas políticas. A Convención foi aprobada con a intención expresa de impedir que calquer outro estado adoptase políticas parecidas. Entrou en vigor no ano 1976.

"Para o propósito da presente convención, o termo 'crime de apartheid', que incluí prácticas de segregación e discriminación racial e políticas similares, como as practicadas no sul da África, debe aplicarse aos seguintes actos desumanos cometidos con o propósito de establecer e manter a dominación de un grupo racial de persoas sobre calquer outro grupo racial de persoas e a opresión sistemática destas:

- a) Negación a un membro ou membros de un grupo ou grupos raciais do dereito à vida e à liberdade individual;
 1. Mediante asasinato ou asasinatos de grupo ou grupos raciais;
 2. Mediante agresións -mentais ou corporais- graves a membros de grupos raciais, vulneración das súas liberdades ou dignidades ou suxeición dos mesmos a tortura ou a castigos/tratamentos cruéis e desumanos;
 3. Mediante prisión arbitraria ou aprisionamento ilegal de membros de grupos raciais;
- b) Imposición deliberada a grupos raciais de condicións de vida calculadas para causar a súa destrución física total ou parcial;
- c) Calquer medida lexislativa e outras medidas calculadas para evitar que un grupo ou grupos raciais participen da vida política, social, económica ou cultural de un país e a creación deliberada de condicións que eviten o desenvolvemento completo de un grupo ou grupos raciais, en particular através da negación de dereitos e liberdades, incluíndo o dereito ao traballo, o dereito a formar sindicatos, o dereito à educación, o dereito a deixar e retornar ao seu país, o dereito a unha nacionalidade, o dereito a ir e vir e à mobilidade de residencia, o dereito à liberdade de opinión e expresión, e o dereito a unións e asociacións libres e pacíficas a membros de grupos raciais. Calquer medida, incluíndo medidas lexislativas, destinadas a dividir racialmente a poboación mediante a creación de reservas separadas e guetos para membros de un grupo ou grupos raciais, a prohibición de casamentos entre persoas de grupos raciais distintos, a expropiación de propiedades territoriais pertencentes a grupos raciais entregadas a membros que non son da comunidade;
- d) Explotación da forza laboral de membros de un grupo ou grupos raciais, en particular pola submisión a traballos forzados;
- e) Persecución de organizacións ou persoas para privá-las de dereitos e liberdades fundamentais, polo feito de esas persoas seren opostas ao apartheid.

BREVES

SE RESIDES, DECIDES

O pasado 12 de Febreiro foi constituída en Compostela unha plataforma cidadá que baixo o lema *Se resides, decides* traballará por conseguir a reforma en profundidade da actual Lei Orgánica de Rexime Electoral Xeral (LOREG, 5/1985) que regula o dereito de sufraxio e o seu exercicio.

A iniciativa aspira a dar resposta ao amplo sentir cidadán crítico con as manifestas eivas do actual sistema electoral, que reconece dereito pleno a colectivos que residen no exterior e cuxo único vínculo con o país consiste precisamente no exercicio do dereito a voto -e todo o que ese exercicio leva aparelado- ao tempo que mingua, ou directamente nega, dereitos a colectivos que residen de forma permanente no país (mariñeiros, penados, inmigrantes). Trátase como é sabido dun problema que a nosa sociedade arrasta desde hai moito tempo e que nos últimos anos adquiriu proporcións que dificilmente pode admitir unha sociedade que se reclama democrática.

Con o seu lema, *Se resides, decides*, a plataforma deixa claro que entende que o voto há de ser un dereito de residencia, non de sangue e, nese sentido, traballará para que o exercicio dese dereito sexa recoñecido de maneira efectiva a todas as persoas que

residen de forma estável e permanente na nosa comunidade. Traballará así mesmo para que os dereitos que se recoñezan às persoas de orixe galega que residen de maneira permanente no estranxeiro se regulen de acordo con esa situación.

A plataforma prevé desenvolver a súa campaña en dúas fases ben diferenciadas. Na primeira, que culminou o 1º de Marzo, dirixiuse a todos os partidos e coalicións que presentaban candidatura às eleccións para os instar a adquiriren o compromiso público e firme de iniciar, inmediatamente a seguir a constituición do novo Parlamento Galego, todas as xestións que estexan ao seu alcance (tanto no ámbito autonómico como no estatal) para que a LOREG de 1985 sexa inmediatamente derogada.

Na segunda, a plataforma traballará para que a nova lei contemple as súas reivindicacións, que cré son compartidas pola esmagadora maioría da sociedade galega. Nesa perspectiva, actuará perante os poderes públicos e realizará unha ampla campaña de sensibilización.

A iniciativa é promovida por: Avelino Pousa Antelo, Victor Moro, Fernando Martínez Randulfe, Quico Cadaval, Afonso Eiré, Miguel Barros, José Antonio Redondo López, Luís Caramés, Uxia Pedreira, Uxía Senlle, Xurxo Lobato, Elías Torres Feijó, Margarita Iledo Andión, Antón Reixa, Xesus Seixo, Luís González Blasco, José Alberto García Suárez, Rosa Verdugo, Elvira Souto, Ramon L. Suevos.

Para apoiar a iniciativa: www.seresidesdecides.com
(email: seresidesdecides@gmail.com).

TRIBUNAL EUROPEU DE DEREITOS HUMANOS

NOVA CONDENA AO REINO DE ESPAÑA

O pasado 8 de Xaneiro, o Tribunal Europeu de Dereitos Humanos (TEDH) (Sección 3ª) fixo pública unha Resolución en que condena o Reino de España a pagar a M. Mikel Iribarren Pinillos a cantidade de 170.000 euros no prazo de 3 meses.

M. Mikel Iribarren Pinillos presentara unha denuncia contra o Reino de España (nº 36777/03) o 14 de Novembro de 2003 por violación de dereitos recoñecidos na Fundamentais *Convención Europea para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades* (Art. 3. Prohibición da tortura e Art.6. Dereito a un proceso equitativo).

Os feitos

A madrugada do 15 de Decembro de 1991, cando participava nos altercados que tiñan lugar no casco vello da cidade de Iruña, M.Mikel Iribarren Pinillos, na altura un xoven de 19 anos, resultou gravemente ferido polo impacto de unha bomba de fume lanzada a mui curta distancia por un axente da policía anti-distúrbios. Ao chegaren os servizos da Cruz Vermella á zona, Mikel Iribarren, que tiña queimaduras nunha parte do rosto e unha hemiplexia no lado esquerdo do tórax, non respirava. Asistido de urxencia, foi levado en ambulancia medicalizada á unidade de cuidados intensivos do hospital de Nafarroa, onde foi submetido a unha intervención cirúrxica.

Un informe médico de 27 de Xuño de 1996 confirma que Miquel Iribarren sufriu lesións graves: traumatismo craneoencefálico, edema cerebral e coma, queimaduras de terceiro grao no rosto e nos dous ollos, así como lesións neurolóxicas, neuropsicolóxicas e oftalmolóxicas que deixaron graves secuelas e cicatrices no rosto, o pescozo e o cráneo. O informe establece unha relación de causalidade entre o impacto da bomba e as feridas e secuelas descritas.

O procedemento

O Sr. Iribarren Pinillos esgotou, con resultado nulo, todas as posibilidades previstas na lexislación española para reclamar unha investigación eficaz e o resarcimento polos danos (físicos e psicolóxicos) que lle foron ocasionados. Doce anos despois de acontecidos os feitos e esgotadas as vías legais, recorreu perante o Tribunal de DD.HH. de Estrasburgo. No seu recurso, o Sr. Iribarren afirma que as lesións sufridas mostran ás claras ter sido vítima de unha violación do dereito a non sufrir tratamentos desumanos e degradantes e atentados contra a propia vida (Art. 3 da Convención). Lembra que o procedemento penal permitiu determinar que o responsable das súas lesións foi un axente do Estado que ocultou a súa identidade

perante o xuíz de instrución.

Tendo en conta que a bomba de fume foi lanzada a mui curta distancia, argumenta, non se pode alegar que a acción tivese consecuencias "non desexadas e fortuitas". As feridas causaron lesións gravísimas, que houeron provocar-lle a morte. No entanto, o Estado foi exonerado de toda responsabilidade pecuniária.

Tanto as autoridades policiais como o axente que lanzou a bomba negaron-se a colaborar durante todo o procedemento no esclarecemento dos feitos e as circunstancias en que estes tiveron lugar. Nen a Audiencia Nacional, nen o Tribunal Supremo nen o Tribunal Constitucional procederon a unha investigación complementaria no cadro do procedemento contencioso-administrativo.

Por outra parte, o Sr. Iribarren afirma que o prolongado período de tramitación do proceso (12 anos), vulnera o dereito a un proceso equitativo dentro de un prazo razoábel recoñecido no Art. 6 ("Dereito a un proceso equitativo"):

"Todas as persoas teñen dereito a que a súa causa sexa examinada... nun prazo razoábel por un tribunal ... que decidirá, quer sobre a determinación dos seus dereitos e obrigacións de carácter civil, quer sobre o fundamento de calquer acusación en materia penal dirixida contra ela." (Art.6, Ap.1).

A Resolución

Na súa Resolución, o Tribunal Europeu afirma que en casos como este, as autoridades deben facer gala de "unha dilixencia e prontitude exemplares" e deben proceder de oficio a investigacións propias que permitan, por unha parte, determinar as circunstancias en que a agresión tivo lugar e os fallos na actuación; pola outra, identificar os axentes ou os órganos do Estado implicados no encadeamento desas circunstancias.

No caso presente -afirma-, ninguén pon en dúbida, e así o estableceron diferentes xurisdicións penais, que o interesado foi ferido por un axente no cadro de altercados violentos con as forzas de seguranza. Tamén está perfectamente establecido que as forzas de seguranza cometeron un delito de golpes e feridas, polo cal a responsabilidade do estado nos danos ocasionados ao denunciante non ofrece dúbidas.

No que á violación do Art. 6, Ap.1 di respecto o Tribunal admite que o asunto revestia certa complexidade, mais esa complexidade non explica unha demora tan prolongada na resolución do proceso. Estima portanto que á luz dos criterios establecidos pola xurisprudencia dos órganos da Convención en materia de "demora razoábel", e tendo en conta o conxunto de elementos que obran no seu poder, o procedemento de litixio non entra nese suposto.

Declara portanto unanimemente que se produciu vio-

lación dos Arts. 3 e 6 da Convención e condena o Reino de España a pagar unha indenización de 170.000 euros ao Sr. Iribarren Pinillos.

CONDENA A FRANZA

O Tribunal Europeu de Dereitos Humanos tamén condenou o pasado 15 de Xaneiro o estado francés a pagar a Olivier Orban e Xavier de Bartillat, de Éditions Plon, 33.041 euros en concepto de danos materiais e 5.000 euros por gastos e costas. Os editores recorreran perante o tribunal europeu por vulneración do Art. 10 da Convención Europea de Dereitos Humanos (liberdade de expresión).

1. Todas as persoas teñen dereito à liberdade de expresión. Este dereito comprende a liberdade de opinión e a liberdade de receber ou transmitir informacións ou ideas sen inxerencia das autoridades públicas e sen consideración de fronteiras. O presente artigo non impede os Estados de submeteren as empresas de rádio-difusión, cinema ou televisión a un rexime de autorizacións prévias.

(CEDH, Art. 10, Ap.1)

Contra a apoloxia de crimes de guerra...

En Maio de 2001, a Éditions Plon publicou *Services Spéciaux Algérie 1955-1957. Mon témoignage sur la torture*, de Paul Aussaresses, Xeneral do exército francés que os editores describen como un "ancián da Franza Libre, enviado polo Xeneral de Gaulle para as operacións secretas mais delicadas".

"Foi en Arxélica" -acrescentan- "onde Paul Aussaresses tivo de cumprir a misión mais dolorosa" e, "mesmo que o seu nome sexa aínda descoñecido do grande público, en círculos reducidos dos servizos especiais, este antigo paraquedista da Franza Libre era xa considerado na altura unha lenda viva". E avisan: "Pareceu-nos importante publicar o relato de un actor mal coñecido, e no entanto central, desde conflito."

En Xuño de 2001, Olivier Orban, Xavier de Bartillat e o Xeneral Aussaresses compareceron na Sala do Penal da Audiencia de París como imputados por un delito de apoloxia de crimes de guerra. O 25 de Xaneiro 2002, o tribunal ditou sentenza condenatoria. O 25 de Abril de 2003, a sentenza foi confirmada por un tribunal de apelación. O 7 de Decembro de 2004, O Tribunal de Casación denegou o recurso que presentaron os imputados.

A sentenza do Tribunal de Casación argumentava que o obxectivo do autor deste relato sobre os crimes de guerra cometidos polo exército francés en Arxélica na década de 50 era persuadir os lectores da lexitimidade e inevitabilidade das tor-

turas e execucións sumarias practicadas durante a guerra e concluía que as medidas tomadas para evitar a difusión do texto estaban perfectamente xustificadas.

... ou censura?

Mais este argumento non convenceu o Tribunal Europeu que finalmente, o 15 de Xaneiro de 2009, condenou o estado francés por vulneración do dereito à liberdade de expresión.

Ao contrario, argumenta o TEDH, na medida en que se trata do "testemuño de un antigo oficial dos servizos especiais en misión en Arxélica, protagonista do conflito, directamente implicado en prácticas tais como a tortura ou as execucións sumarias no exercicio das súas funcións" e, nese sentido, contribuíu a esclarecer cousas de que moita xente escapara, o libro debe ser ben recibido.

"A publicación de un testemuño deste tipo inscrevese indubitablemente nun debate de interese xeral de singular importancia para a memoria colectiva: con todo o peso que lle confere o grao do seu autor, que chegou a xeneral, ven reforzar unha das teses que se debaten, a saber: que non só estas prácticas tiveron lugar senón que se realizaron con o aval das autoridades francesas".

"En consecuencia" -concluí a sentenza- "o reproche feito polo tribunal de apelación aos recorrentes de non se teren distanciados do relato do xeneral, na súa condición de editores, non está en absoluto xustificada". "Aínda que as afirmacións en litixio non perderan a capacidade de reavivar sufrimentos, non é adecuado xulgarlas con o grao de severidade que podería xustificarse hai dez ou vinte anos; ao contrario, cumpre abordá-las con a perspectiva que o tempo nos proporciona".

A sentenza remata lembrando a xurisprudencia establecida desde hai 30 anos polo TEDH, segundo a cal a liberdade de expresión comprende non apenas aquelas "informacións" e "ideas" consideradas inofensivas ou indiferentes, mais tamén aquelas que ofenden, chocan ou inquietan (TEDH, *Handyside v. RU*, 7.12.1976). E pon o ramo:

"En consecuencia, sancionar un editor por ter contribuído à difusión do testemuño de un terceiro sobre acontecementos que se inscreven na historia de un país sería por empecillos graves à contribución às discusións de problemas de interese xeral e non se concebiría sen razóns particulares serias."

Nos anos 1955-57 o Tribunal Europeu tería que ter condenado Paul Aussaresses por torturas, tratamentos desumanos e degradantes. Mais iso é unha cousa... e censurar a verdade histórica, outra ben diferente.

E A PORTUGAL

Tamén Portugal foi condenado polo TEDH no mes de Febreiro, neste caso por ter prohibido, en 2004, a entrada nas súas augas territoriais de un barco fretado por organizacións favorábeis à despenalización do aborto.

En Agosto de 2004, tres asociacións, entre elas a fundación holandesa *Women On Waves*, fretaram o navio “Borndiep” e prepararan-se para entrar no porto da Figueira da Foz. Pretendían organizar a bordo reunións, seminários e ateliers a favor da despenalización da interrupción voluntaria da gravidez.

A 27 de Agosto de 2004, cando o “Borndiep” se aproximava das costas portuguesas, o Goberno de Lisboa interdiu a súa entrada en augas territoriais. Un navio de guerra portugués posicionou-se perto do navio para o impedir de avanzar.

Queixando-se de violación dos dereitos à liberdade de expresión, de reunión e de manifestación, as tres asociacións presentaron o caso xunto do Tribunal Administrativo e do Supremo Tribunal Administrativo portugués, que rexeitaran o seu pedido.

O aborto, que até entón era punido con unha pena que podía ir até aos tres anos de prisión, foi legalizado en 2007.

Os xuíces do Tribunal europeo consideraran que as medidas tomadas contra o “Borndiep” foron desproporcionadas e que houvo violación do artigo 10 da *Convención dos Dereitos Humanos* (Liberdade de expresión).

As tres asociacións reclaman indemnizacións de 49.528 euros, polas despesas da viaxem do “Borndiep”, e 5.000 euros a cada unha por danos morais. Mais o tribunal europeo fixou as indemnizacións en dous mil euros para cada un dos requerentes, por danos morais. (Fonte: *O Público*, 03.02.2009).

OS RECLUSOS PERANTE A ADMINISTRACIÓN PENITENCIÁRIA

Sara Carou García

A execución dunha pena privativa de liberdade implica a entrada do penado no universo carcerario, rexido polo Dereito Penitenciario. Neste contexto nace a relación xurídica penitenciaria, cualificada polo Tribunal Constitucional como unha “relación especial de suxeición”, quer dicir, o interno ve modificado o seu estatus xeral de cidadán para adquirir unha posición de especial submetimento à Administración. Se ben a teoría das relacións especiais de suxeición non é aplicada unicamente aos reclusos, xa que tamén están unidos à Administración por esta clase de vínculos outros colectivos, como os militares ou os funcionarios, non podemos negar a maior vulnerabilidade dos presos fronte aos posibles efectos negativos das mesmas. Esta superior indefensión está fortemente vencellada à

escasa, cando non nula, asistencia xurídica con a que conta a nosa poboación penitenciaria à hora de relacionar-se con a Administración.

É o obxectivo das seguintes liñas demostrar que esta situación de desamparo é contraria aos principios dun Estado social e democrático de dereito tal e como se autocualifica o Estado español.

A lei

O artigo 25 da Constitución, pedra angular do sistema penitenciario, establece que os penados continúan a gozar dos dereitos fundamentais non afectados pola condena. Xa que logo, seguen a estar amparados polo dereito à defensa nun proceso xudicial recollido no artigo 24.2 do texto constitucional. No mesmo sentido pronúnciase a Regra 23 das Regras Penitenciarias Europeas e a Disposición Adicional 5ª da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Porén, as normas mencionadas só fan referencia ao proceso xudicial, descoñecendo por completo que a primeira liña da actuación do Dereito Penitenciario é a vía administrativa. Non reparou o lexislador, como tantas veces, nas peculiaridades do Dereito que rexe o día a día nos cárceres, e que fan que nos procedimentos que teñen lugar perante a Administración Penitenciaria estexan en xogo aspectos vitais do individuo. A realidade é que cada vez que se resolve a clasificación nun determinado grao de tratamento, a aplicación dun concreto rexime penitenciario, a concesión ou denegación dun permiso, a imposición dunha sanción disciplinaria, a obtención dun posto de traballo...etc., está-se a intervir poderosamente en todos e cada un dos aspectos da vida dun cidadán. Decide-se sobre súa liberdade ambulatoria, xa que non é o mesmo desfrutar dun terceiro grao, no que se permiten saídas ao exterior, que estar clasificado en segundo grao no que o tempo de permanencia no establecemento penitenciario é moito maior; sobre a posibilidade de relacionarse con outras persoas ou permanecer até 23 horas diarias de soledade nunha cela, como acontece na aplicación do primeiro grao ou na execución dunha sanción de isolamento; sobre o fortalecemento ou debilitamento dos seus lazos familiares; sobre as posibilidades que terá de encher o baleiro do tempo en prisión con actividades das que poda tirar proveito...etc.

Perante a magnitude das consecuencias que pode ter un simple acto administrativo é óbvio que o interesado debe contar con asesoramento legal antes de que a súa causa sexa examinada, xa en vía xudicial, polo Xuíz de Vixilancia Penitenciaria.

Consecuencias prácticas

A maior parte dos internos dos Centros Penitenciarios forman parte dos estratos sociais máis desfavorecidos, teñen falta ou insuficiencia de medios económicos e non posúen un nivel

cultural mínimo que lles facilite por-se en contacto con os profesionais do Dereito.

É certo que o ordenamento recolle a posibilidade de accederen à asistencia xurídica gratuita, regulada na Lei 1/1996 que desenvolve o disposto no art. 119 da Constitución, mais, como os procesos perante a Administración Penitenciaria están, segundo o previsto na Lei Orgánica Xeral Penitenciaria, dentro do cadro de procedimentos administrativos nos que non é preceptiva a intervención dun letrado, a persoa privada de liberdade carece da posibilidade de que se lle recoñeza o dereito à gratuidade da asistencia xurídica. Perante esta situación, varios Coléxios de Advogados puxeron en marcha, non sen sérias dificultades, os Servizos de Asistencia Xurídica Penitenciaria, que asumen a asesoramento legal do interno nas súas relacións con a Administración Penitenciaria. O pioneiro nesta tarefa foi o Coléxio de Advogados do Señorío de Biscaia, o seu exemplo foi estendendo-se a outros territorios, se ben dun xeito lento e con numerosas complicacións, principalmente económicas.

O panorama descrito até o momento fai xurdir a seguinte cuestión: pervive aínda, no subconsciente dos operadores xurídicos e do lexislador, a vella idea de que o recluso é un cidadán de segunda categoría que debe ver reducida à mínima expresión a defensa dos seus dereitos máis elementares?

TRÁFICO DE SERES HUMANOS

Colectivo Hetaira

O pasado día 12 de Decembro de 2008, o Consello de Ministros aprobou o *Programa Integral contra o Tráfico de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual*. À vista do contido deste programa, Hetaira (colectivo en defensa dos dereitos das prostitutas), quer facer constar o seguinte:

1. Congratula-nos o feito de o Goberno ter elaborado por fin un proxecto contra o tráfico de seres humanos. No entanto, preocupa-nos que, perante a grave violación dos dereitos humanos que significa o tráfico, se elaborase un programa centrado unicamente en "fins de explotación sexual", encanto se deixan fora outras formas de tráfico de seres humanos (explotación laboral noutras actividades económicas, matrimonios forzosos ou servidume). Segundo datos da Organización Internacional do Traballo (OIT) e da Unión Europea, o tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual non é nen o único existente nen sequer o maioritario en percentaxes (entre o 20 e o 32% dos casos).

2. Parece-nos moi acertada e apoiamos a distinción

que se fai na introdución entre tráfico de seres humanos e tráfico ilegal de inmigrantes. Contodo, no conxunto de medidas propostas polo Goberno esta distinción fica obscurecida, pois en moitas ocasións trata-se de maneira equivalente ambos os fenómenos.

3. Resulta-nos particularmente preocupante que as medidas que propón o proxecto para a protección e atención das vítimas estexan condicionadas à denuncia e colaboración na persecución das redes criminosas. O tráfico é un delito de tal gravidade que a protección das vítimas debería ser o centro das actuacións gobernamentais. Estas teñen que ser consideradas sucesos de protección, de dereitos e de reparación, independentemente da súa colaboración policial ou xudicial. Polo contrario, no proxecto presentado polo goberno as vítimas son consideradas fundamentalmente testemuñas nos procesos xudiciais, cando non delincentes se non queren colaborar. Neste sentido, notamos a falta de medidas sociais e non só policiais, para a detección precoz e a protección das vítimas. É urxente que cesen as expulsións e deportacións de vítimas aos seus países de orixe.

4. Cremos que o Goberno engana-se cando afirma que: "Non se pode desvincular o fenómeno do tráfico do da prostitución". Para nós é fundamental que se entenda a prostitución "decidida" como unha actividade económica que debería contar con dereitos laborais e a prostitución forzada como un delito. No entanto, algunhas medidas están encamiñadas a combater a prostitución (control dos anuncios de contacto nos medios de comunicación, educación para reducir a demanda) e non o tráfico de seres humanos.

5. As medidas propostas están pendentes de desenvolvemento posterior cuxa eficacia haberá que valorar no seu momento, mais algunhas son claramente insuficientes. Por exemplo, os 30 días de prazo de reflexión das vítimas para que decidan se queren denunciar son poucos, tal e como veñen explicando as ONGs que traballan con vítimas do estrés pos-traumático e que asinalan a necesidade de 90 días como mínimo.

6. Preocupa-nos especialmente que o programa non mencione explicitamente a posibilidade da obtención de permiso de traballo para as vítimas, imprescindible para a súa recuperación e inserción social e que só cite o permiso de residencia para quen previamente teña denunciado.

7. Por último, congratulámonos de que o Goberno se comprometa a realizar estudos e investigacións que deiten luz sobre o tráfico de seres humanos e as súas consecuencias, de tal xeito que se poda intervir na recuperación das vítimas e axude a pór en marcha recursos sociais adecuados e acertados.

"A MIÑA EXPULSIÓN DE ISRAEL"

Richard Falk²

Cando cheguei a Israel como representante da ONU sabía que podería haber problemas no aeroporto. E houvo-os.

O 14 de Decembro, cheguei ao aeroporto Ben Gurión de Tel Aviv, Israel, para desempeñar o meu cometido como Relator Especial da ONU nos territorios palestinos.

Dirixía unha misión que pretendía visitar Cisjordania e Gaza para preparar o relatório sobre o cumprimento de Israel das normas de dereitos humanos e do respecto da lexislación humanitaria internacional. Estaba previsto que as reunións, programadas para unha estadia de seis días, comezasen o día seguinte con Mahmoud Abbas, Presidente da Autoridade Palestina.

Sabía que podería haber problemas porque Israel se opuxera contundentemente uns meses antes à miña visita e o seu Ministerio de Asuntos Estranxeiros emitira un comunicado en que afirmava que non se me permitiría entrar se chegava na miña condición de representante da ONU.

Por outra parte, non tería feito a longa viaxe desde California, onde vivo, se non tivese sido razoavelmente optimista sobre as miñas posibilidades. O goberno israelita fora informado de que a misión estaba dirixida por min e recebera cópia do programa de traballo. Non houvo problemas para conseguir os vistos de entrada das dúas persoas que me acompañaban: unha do persoal de seguranza e outra un auxiliar, ambos do gabinete do Alto Comisionado de Dereitos Humanos en Xenebra.

Podería ter-se recusado a emitir os vistos ou ter comunicado à ONU que non me sería permitida a entrada, mais non o fixo. Ao que parece, pretendía dar-nos, a min e sobretudo à ONU, unha lição: non haberá cooperación con aquelas persoas que se mostren críticas con a política de ocupación de Israel.

No aeroporto, despois de me ser negada a entrada, fun conducido a unha sala de detención xunto con outras 20 persoas que tamén tiñan problemas. A partir daí fun tratado, non como un representante da ONU, senón como unha ameaza para a seguranza. Fun submetido a un rexisto corporal milimétrico e a miña bagaxe inspeccionada con unha minuciosidade que nunca antes vira.

Afastado dos meus dous compañeiros, que entraron en Israel para seren levados às instalacións de detención do aeroporto situadas a unha milla de distancia, fun obrigado a deixar o teléfono móvel e a bagaxe. A seguir encerraron-me nun recinto minúsculo fechado que cheirava a urina e imundices e onde había outros cinco detidos. As seguintes 15 horas foron un curso intensivo sobre as misérias da vida en prisión, incluíndo a sensación de claustrofobia, a suxidade, os alimentos incomedíbeis, as luces en exceso brillantes ou a escuridade controlada desde a guarita de guarda.

Claro que a desilusión e o duro confinamento a que fun submetido carecen de importancia se os compararmos con as graves privacións que sofren a diario millóns de persoas de todo o mundo. A súa importancia é basicamente simbólica: castigar a expresión de un forte desacordo con as políticas de un estado soberano e, mais importante aínda, a óbvia intención de humillar-me como representante da ONU, enviando con ese xesto unha mensaxe de desafío às Nacións Unidas.

Israel acusa-me desde hai tempo de parcialidade e de facer declaracións inflamadas contra a ocupación de territorios palestinos. Nego ter sido parcial e afirmo que tratei de ser ecuánime ao avaliar os feitos e a lexislación. A orixe da miña crítica à Israel é o carácter da ocupación, nomeadamente o duro bloqueio a que submete a Faixa de Gaza, cuxo resultado é o castigo colectivo dos 1,5 millóns de habitantes. Mais, atacando o observador, Israel xoga ben as súas vazas. Dirixe a atención lonxe das realidades da ocupación, practica unha política de distracción.

O bloqueio de Gaza impón-se supostamente en represalia polos foguetes que Hamas e a Jihad Islámica disparan desde a fronteira sobre Sderot. O absoluto erro de disparar eses foguetes é indiscutíbel, mais isto, en modo algun, xustifica a represalia israelita indiscriminada contra toda a poboación civil de Gaza.

O propósito dos meus relatórios é documentar en nome da ONU a urxencia da situación en Gaza e noutras partes da Palestina ocupada. Este traballo tornou-se particularmente urxente agora xa que hai indicios de unha nova escalada de violencia e mesmo de unha ameazante reocupación israelita.

Antes de que unha tal catástrofe veña acontecer, é importante conseguir que a situación sexa tan transparente canto for posible. E isso era precisamente o que eu esperara facer na miña misión. Aínda que me teñan negado a entrada, continuarei empregando todos os medios ao meu dispor para documentar as realidades da ocupación israelita tan verazmente como for posible.

NOTA

Non é esta a primeira vez que Israel proíbe a entrada de representantes das NN.UU. aos territorios ocupados. O 8 de Novembro de 2006, as autoridades israelitas impediron que visitase o territorio de Gaza unha misión encabezada polo bispo Desmond Tutu, Delegado do Consello de Dereitos Humanos da ONU, que pretendía investigar o masacre perpetrado polas forzas de ocupación contra o clan de al-'Athamna en Beit Hanoun. Tamén foi impedida a entrada à delegación diplomática da Unión Europea que o pasado mes de Novembro tentou visitar a Faixa de Gaza.

¹. Publicado en *The Guardian*, 18.12.2008. Días antes da brutal agresión sionista à Faixa de Gaza.

². Richard Falk é profesor de Dereito Internacional na Universidade de Princeton. O 26 de Marzo de 2008 foi designado Relator Especial para os Territorios Palestinos Ocupados polo Consello sobre Dereitos Humanos da ONU. O 25 de Agosto de 2008 apresentou ao Secretario Xeral o seu primeiro Relatório, que pode ler-se aquí: <http://www.esculca.net/pdf/relatorio%20de%20Richard%20Falk.pdf>.

**POR UMHA SOCIEDADE LAICA.
POLO NOSSO DIREITO A DECIDIR**

Mullheres Nacionalistas Galegas, 2008

"O Laicismo e o seu soporte jurídico da perspectiva de género"

Doris Benegas Haddad, nacida en Venezuela, filla de exilado republicano, estudou en Franza a secundaría e a carreira de Dereito en Donostia, exerceu en Valladolid e pertenceu a numerosos colectivos feministas, singularmente de mulleres xuristas, traballando especificamente en estudos sobre lexislación e xénero.

Parte da constatación de que vivemos nunha sociedade de pensamento 'inducido' para o pensamento único, e que hai que tratar de camiñar para unha pluralidade ideolóxica, en igualdade, e sen interferencias de pensamentos 'privilexiados'.

Afirma que a Igrexa Católica é unha institución fortemente hierarquizada que funciona como un instrumento de exercicio de poder e dominación aparentemente relixiosa mais tamén política e económica, e ademais con carácter transnacional.

Analisa as peculiaridades da Igrexa Católica a respeito doutras relixións, do punto de vista xurídico, porque conta con un estado propio, o Estado Vaticano, creado en 1929, que ten carácter de observador na ONU. Conta con unha lexislación de creación propia -Código de Dereito Canónico-, e con unha produción doutrinal -pastorais dos bispos, encíclicas papais- a que se atribuí unha inspiración divina, e mesmo unha infalibilidade, nalguns casos, como cando se produce un dogma.

Contraapon esa rixidez da lexislación relixiosa católica con o contido dos DDHH (148) e con a lexislación do Estado Español, cambiante segundo as épocas, recreando-se especialmente na lexislación republicana en que a muller foi cidadá con dereito a voto e se aprobou o matrimonio civil, o divorcio, o dereito ao aborto..., mais todo iso foi un breve oasis desaparecido após a Guerra Civil -a Cruzada segundo a Igrexa- voltando ao submetimento da muller, sobretudo no seo da familia, até épocas recentes.

Na actualidade considera que o Estado Español é de confesión relixiosa 'preferente', dados os termos do art. 16, 3 CE, e a ambigüidade da redacción do art. 27, 3 sobre os dereitos dos pais na educación dos fillos. Lamenta que non se teña declarado como dereito fundamental o da liberdade de pensamento, muito mais amplo que o de liberdade relixiosa, porque aquel protexe tamén os que non teñen nengunha ideoloxía relixiosa.

Despois pasa a analizar a famosa Concordata con a Santa Sé (1953) que foi parcialmente derrogada no que tiña de mais estridente e substituída polos acordos de 1979, formalmente posteriores à Constitución, mais pactados e discutidos nas mesmas datas.

Finalmente advoga por iniciar unha segunda transición na que se aborde a asignatura pendente da laicidade: "Trata-se de conseguir un Estado Laico, un estado com livre formaçom do pensamento. Um Estado que utilize o Dereito Comum para a extensom do feito religioso como umha expressom mais do pensamento".

S	APRESENTACIÓN	1 ...
U	ESCALA	2 ...
M	ANÁLISES E RELATÓRIOS	3 ...
Á	DOCUMENTOS	10 ...
R	BREVES	10 ...
I	BIBLIOTECA	16 ...
O		

C	Pilar Allegue
O	Carlos Aymerich Cano
	Fernando Blanco
L	Pedro Bousou Cedrón
	Justo G. Beramendi
A	José Ángel Brandariz
B	Tony Bunyan
O	Sara Carou García
	Pepe Carreiro
R	Marc Carrillo
	Xoan Cons
A	Richard Falk
N	Gustavo García
	Valentín García
	Pablo González Mariñas
	Ben Hayes
	Anxel Huete
	Manuel Janeiro
	Héctor López de Castro
	Celso López-Pazos
	Ramon L. Suevos
	Gustavo Luca de Tena
	Yasha Maccanico
	Xaquín Marín
	Fernando M. Randulfe
	Miguel Anxo Murado García
	Guillermo Presa
	Anxo Quintela
	X. A. Ramos
	Lucia Re
	Suso Sanmartín
	Elvira Souto
	Roch Tassé
	José Luis Torrente
	Gemma Ubasart i González
	Vítor Vaqueiro
	Valeiras
	Daniilo Zolo